CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, A TRAVÉS DA FILMOTECA DE GALICIA, E A SUCURSAL EN ESPAÑA DA FUNDACIÓN JAPÓN PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA RETROSPECTIVA DO DIRECTOR XAPONÉS KEISUKE KINOSHITA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), Jacobo Sutil Nesta,

DECLARA:
Que a Axencia Galega das Industrias Culturais pretende formalizar coa Fundación Japón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 22 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:
A organización dunha retrospectiva dedicada ao director de cine xaponés Keisuke Kinoshita a través dun ciclo que se compón de oito das súas películas máis representativas, que serán proxectadas na Filmoteca de Galicia nas datas que se indican:

- LA BALADA DE NARAYAMA (DCP), 18 de novembro de 2026
- CARMEN VUELVE A CASA (16mm), 20 de novembro de 2026
- VEINTICUATRO OJOS (DCP), 25 de novembro de 2026
- ARMY (35mm), 27 de novembro de 2026
- CARMEN SE ENAMORA (35mm), 4 de decembro de 2026
- FAREWELL TO SPRING (35mm), 10 de decembro de 2026
- FUEFUKI RIVER (35mm), 15 de decembro de 2026
- UN AMOR INMORTAL (DCP), 22 de decembro de 2026

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
A Fundación Japón, a través da súa sede en Madrid, ten como misión contribuír a un maior avance na difusión da cultura xaponesa en España, para o que leva a cabo programas de presentación da arte e da cultura xaponesas, para a difusión da súa lingua, dos estudos xaponeses e o intercambio intelectual.

Pola súa parte, a Axencia Galega das Industrias Culturais ten por obxecto, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, así como estreitar a coordinación entre as administracións públicas e axentes privados con competencias

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n. 15707 Santiago de Compostela
T. + 34 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasculturais.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1jbBqYSsqJd1 https://sede.xunta.gal/cve

na materia para incrementar a posibilidade de acadar unha maior calidade e oferta cultural, para o que conta coa Filmoteca de Galicia, entidade encargada da difusión do patrimonio audiovisual.

A Fundación Japón e a Agadic, a través da Filmoteca de Galicia, teñen un interese común en organizar unha retrospectiva de Keisuke Kinoshita, director cunha filmografía repleta de obras mestras, das que tamén escribiu practicamente todos os guións.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

Asinado por: JACOBO LUIS SUTIL NESTA
Cargo: Director da Agadic
Data e hora: 05/11/2026 13:44:56

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1jbBqYSsqJd1 https://sede.xunta.gal/cve

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n. 15707 Santiago de Compostela
T. + 34 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasculturais.xunta.gal